



José Sanmartín Pérez en San Huberto e Francisco Rey Urrutia en Rastro de Xabaril, gañadores do VII Trofeo "Comarca dos Ancares"

O pasado día 7 de xuño disputábanse en Becerreá (Lugo) o VII Trofeo "Comarca dos Ancares", que incluía dúas probas puntuables para a Copa Federación nas súas respectivas modalidades: unha de San Huberto e outra de Rastro de Xabaril.

Na proba de San Huberto dábanse cita 32 participantes, que se repartían en 4 campos. Entre eles contábanse importantes deportistas galegos así como algúns chegados de Castela León, Cantabria e Asturias. Tras a proba final, os cinco primeiros clasificados foron:

| Pos. | Participante | Can |
|------|----------------------------|---------------|
| 1º | José Sanmartín Pérez | Ja da Chousa |
| 2º | José M. Rodríguez Martínez | Full |
| 3º | Jorge Martín Sánchez | Era da Chousa |
| 4º | Edelmiro Leira | Fa da Chousa |
| 5º | Serafín Corral Vázquez | Aso da Chousa |

A proba de Rastro de Xabaril, disputada de xeito simultáneo, congregou a 40 monteiros, entre os que ademais de galegos se atopaban asturianos, cántabros e castelan-leoneses. Pasaron ao final 12 monteiros, dos cales os cinco mellores foron:

| Pos. | Participante | Can |
|------|-----------------------|--------|
| 1º | Francisco Rey Urrutia | Sil |
| 2º | Álvaro Fontenla | Terco |
| 3º | Francisco Rodeiro | Ton |
| 4º | Francisco Rey | Blanca |
| 5º | Eugenio García | Lin |

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com